



II CONCURSO DE PROXECTOS DE PUBLICIDADE COMERCIAL EN GALEGO

O Concello de Santiago convoca o **II CONCURSO DE PROXECTOS DE PUBLICIDADE COMERCIAL EN GALEGO** co fin de promover o uso do galego na comunicación do sector socioeconómico compostelán e engadir valor e rendemento ás iniciativas publicitarias a través da intervención dos profesionais do deseño e da aplicación da creatividade e da innovación aos soportes e ao seu contido.

A convocatoria e a resolución deste concurso de concorrencia competitiva rexeráse polas seguintes bases:

1. O obxectivo do concurso é aumentar a presenza do galego na comunicación publicitaria ao recompensar o proxecto de campaña que resulte gañador cunha contía económica destinada á súa implementación.
2. Para participar no concurso será necesario presentar un proxecto orixinal dirixido a publicitar un establecemento comercial, hostaleiro ou empresarial, un grupo formal ou informal de establecementos ou unha asociación do sector que forme parte do tecido socioeconómico compostelán, deseñado para calquera soporte e sistema de distribución.

A inscrición do proxecto en condición de titular da solicitude de participación no concurso poderá realizala a empresa encargada de deseñalo ou aquela que sexa obxecto da publicidade. En calquera dos casos, os participantes deberán xestionar pola súa conta a execución do proxecto premiado e obter, para iso, os acordos necesarios entre ambas as partes.

Corre pola súa conta, asemade, garantir que se respectan as obrigas derivadas dos dereitos de autor de canto material poidan utilizar nos seus proxectos.

3. A participación no concurso formalizarase ao presentar no Rexistro Xeral do Concello antes do 15 de Xuño de 2014 a folla de inscrición acompañada de dous sobres en cuxo exterior deberá constar unicamente o título ou lema do traballo que se presenta.

O primeiro deles (A) deberá conter a documentación da proposta, na que non poderá constar identificación ningunha da súa autoría senón unicamente un título ou lema.

O segundo sobre (B), que deberá estar pechado, incluírá os datos identificativos do/a participante (nome e apelidos do/a concursante, NIF/CIF, razón social se é o caso, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono). Nos casos en que o proxecto sexa presentado polo autor ou autora do proxecto (deseñador, empresa de comunicación...), deberá especificarse para que establecemento ou grupo de establecementos está deseñado (nome ou razón social, enderezo postal, enderezo electrónico, teléfono, titular). Cando o traballo sexa presentado polo establecemento que se vai publicitar, haberá que incluír os datos do(s) deseñador(es) do proxecto.

4. Os proxectos presentaranse en calquera formato, sempre e cando este permita ao xurado avaliar co detalle necesario a calidade de todos os aspectos de deseño, produción e distribución.

Teranse en conta, cando menos, os seguintes criterios avaliativos: calidade lingüística, aproveitamento de recursos idiomáticos, orixinalidade e innovación nos contidos e nos formatos, precisión na definición do target, viabilidade técnica e económica, adecuación dos ítems e das canles de distribución aos obxectivos.

5. O xurado, entendido como órgano instrutor do procedemento de resolución do concurso, estará formado pola Concelleira de Normalización Lingüística, que o presidirá, un representante da Concellaría de Promoción Económica, tres profesionais recoñecidos no ámbito do deseño e a comunicación e un lingüista.

6. O ditame do xurado será elevado á Xunta de Goberno Local como órgano competente para resolver o concurso dentro do prazo dun mes contado desde a data en que remata o prazo de presentación dos traballos.

O acordo de resolución farase público polo procedemento que corresponde aos acordos que adopta a Xunta de Goberno Local e, así mesmo, notificárase aos interesados.

7. A dotación do premio será de 5.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 021 33402 48901 dos orzamentos municipais para o exercicio 2014.

A contía do premio estará sometida ao réxime fiscal que lle corresponde para os efectos da súa tributación, de acordo co disposto no artigo 75.2 apartado c) do Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O pagamento do premio farase en dúas partes.

A primeira, por importe dunha quinta parte, entregarase ao concursante gañador unha vez resolta a convocatoria sempre que o/a beneficiario/a acredite estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e declare non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvencións ou axudas públicas.

Do resto do premio farase entrega unha vez xustificada a execución da campaña. A xustificación deberá incluír demostración das accións realizadas (exemplares dos ítems editados, fotografías, vídeos, dossier de prensa etc.) e as certificacións que acrediten que o/a beneficiario/a se mantén ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Esta xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago antes do 30 de novembro de 2014.

8. A participación nestes concurso implica a aceptación destas bases en todo o seu contido.

